



GUÍA DOCENTE DE **TEORÍA DA EDUCACIÓN I e II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>TEORÍA DA EDUCACIÓN (I e II)</i>										
ESPECIALIDADE	Pedagogía				ITINERARIO				Xeral e da Linguaxe Musical	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	3	3							Observacións:	
									2h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Educación e Pedagogía. Elementos e enfoques da educación. Fins, medios. Os principios da educación. Educación formal, non formal e informal. Os axentes da educación: o educando e o educador. Condicionantes: a familia, o estado, a comunidade, a sociedade. Educación integral. Novas perspectivas en educación. A educación previsible.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes a bacharelato
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Está relacionada coas materias de Organización Educativa, de Didáctica, así como as de Fundamentos de Pedagogía.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 2, 3, 8, 15
COMPETENCIAS XERAIS:	16,18
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1,5,6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Comprender as diferenzas entre a educación, a pedagogía e a didáctica	T1 T2 T8 T15, X16 X18 EP1
Coñecer o concepto de educación, os seus métodos, fins e medios, así como os seus elementos, os seus principios, os seus factores condicionantes e os seus ámbitos.	T1 T2 T8 T15, X16 X18 EP1 EP6
Estudar os axentes da educación e as relación entre eles.	T1 T2 T8 T15, X16 X18 EP1 EP6
Coñecer o papel fundamental que desempeñan os distintos contextos de desenvolvemento e os axentes de socialización (país, nais, irmáns, compañeiros,...) na construción do desenrolo.	Todas
Reflexionar sobre o futuro da educación.	T2 T3 T8 T15, X16 X18 EP1 EP6
Descubrir e analizar o noso estilo de aprendizaxe. Valorar as consecuencias do noso estilo de ensino.	T1 T2 T3 T8 T15, EP1



#### 4. CONTIDOS

Educación e pedagogía.

Fins, ámbitos e medios educativos. Elementos da educación.

Os axentes da educación: o docente e o discente.

Tipos de educación: formal, no formal, informal.

Principios pedagóxicos da educación: a liberdade, a actividade, a socialización, a creatividade, a individualización, a globalización a autonomía, a participación

Condicionantes da educación: a familia, o estado, a sociedade.

Novas perspectivas en educación. A innovación e a investigación no escola.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clase teóricas: presentación dos marcos teóricos correspondentes aos contidos, destacando as ideas principais.	Presencial	Permanente
Clases prácticas: debates, comentarios das noticias actuais sobre educación, supostos, visionado de películas e documentais sobre educación e posterior debate,...	Presencial	Permanente
Traballo persoal: comprensión de textos, lectura de fontes, elaboración de información, reflexións sobre a nosa labor como docentes,....	Non presencial	Permanente
Traballo colaborativo e cooperativo. Proxectos. Visitas a todo tipo de centros de ensino	Presencial	Durante o cuadrimestre
Titorías: individuais e de grupo	Presencial	Durante o cuadrimestre
<u>Actividades de avaliación</u>	Presencial	Ó final do cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

Haberá dous tipos de avaliación: a ordinaria e a extraordinaria. A ordinaria terá en conta a asistencia dos alumnos ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas.

Se o alumno perdera a avaliación continua por faltas de asistencia ( serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro (Teoría da Educación I) e no mes de maio (Teoría da Educación II)

A avaliación extraordinaria se contempla para os alumnos que non aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo.

O alumno terá un total de catro convocatorias para superar a disciplina. Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA